



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Planeamento e Xestión do Solo

Anuncio de aprobación definitiva da modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal da Coruña para a apertura dunha nova vía entre as rúas Simón Bolívar e Alfonso Rodríguez Castelao (expediente 631/2016/101)

ANUNCIO

O Pleno do Concello, na sesión que tivo lugar o 7 de outubro de 2021, aprobou definitivamente o documento da modificación puntual do PXOM/13 para apertura dunha nova vía entre as rúas Simón Bolívar e Alfonso Rodríguez Castelao, redactado pola oficina técnica municipal do Servizo de Planeamento e Xestión do Solo.

Contra este acordo, con carácter de disposición administrativa de carácter xeral, pódese interpoñer directamente recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, que se contarán a partir do día seguinte ao desta publicación.

O acordo de aprobación definitiva da modificación puntual publicouse no DOG núm. 217, do 11 de novembro de 2021.

A documentación da modificación puntual tivo entrada no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia o 3 de novembro de 2021, para os efectos da súa inscrición no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia.

O documento completo da modificación aprobada pódese consultar no enderezo electrónico <https://coruna.gal/urbanismo> no parágrafo “planeamento/planeamento vixente”; o ben desde a mesma web, a través do visor “Desenvolvemento do Planeamento”.

De seguido publícanse as determinacións normativas da modificación puntual aprobada, segundo o establecido nos artigos 82.3 da Lei 2/16, e 65.2 por remisión do 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

A Coruña, 27 de novembro de 2021.

A alcaldesa

PD. (Decreto 3847, do 27.06.2019)

A directora da Área de Urbanismo

María Hernández García

3. DESCRICIÓN DA ORDENACIÓN PROPOSTA NA MODIFICACIÓN PUNTUAL.

O detalle da modificación proposta ven representado nos planos de ordenación nos que se define un ámbito de actuación duns 2.427,04 m² correspondente a uns terreos cualificados no PXOM/13 en parte como espazo libre privado (EL-Pv), e en parte como equipamento local relixioso privado “RE (Pv)” e equipamento local educativo privado “ED (Pv)” que se pretenden recualificar como sistema local de espazos libres (Pb) e como sistema viario. Partindo dos tramos que amosa o ámbito xa indicados no apartado 4 da memoria informativa detallamos a solución proposta:

– **Tramo 1.**–Proponse a recualificación do espazo libre privado determinado polo PXOM/13, na confluencia das rúas Manuel Azaña e Simón Bolívar, a público e recualificar como viario o resto da superficie. Deste xeito poderase realizar a urbanización da zona recualificada como viario no tramo que descorre entre a rúa Simón Bolívar e o inicio da rampla que baixa ao espazo exterior de acceso ao Centro Parroquial mantendo o noiro e os árbores que se sitúan no límite norte do campo de fútbol do colexio Calasanz.

– **Tramo 2.**–Nesta zona proponse a recualificación da totalidade do ámbito como viario. Neste tramo poderíase reconstruír a rampla existente coa finalidade de adaptala ás condicións de accesibilidade en itinerarios peonís adaptados.

– **Tramo 3.**–Comprende o paso que conecta o espazo exterior de acceso ao Centro Parroquial coa rúa Alfonso Rodríguez Castelao que se recualifica totalmente como viario coincidente co uso que se está a realizar actualmente, ademais recualifícase como equipamento escolar privado unha pequeno anaco de terreo que está incluído dentro do recinto do

colexio Calasanz que no PXOM/13 está cualificado como equipamento relixioso privado. O grao de urbanización desta zona semella adecuado, polo tanto só resulta necesario actuacións periódicas de mantemento.

4. SITUACIÓN URBANÍSTICA DOS TERREOS TRAS A APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN PUNTUAL.

Unha vez que se produza aprobación definitiva da modificación puntual do PXOM/13 obxecto deste borrador a situación urbanística dos terreos incluídos dentro do ámbito de actuación mudará con respecto a actualidade.

A meirande parte dos terreos quedará cualificados como rede viaria agás os correspondentes ao xardín de titularidade municipal que está situado na confluencia das rúas Simón Bolívar e Manuel Azaña que quedarán cualificados como dotación local de espazos libres de carácter público "EL (Pb)". No primeiro caso será de aplicación o disposto no artigo 5.2.8. da normativa para a clase rede viaria, no caso dos terreos cualificados como EL (Pb) será de aplicación o disposto no artigo 5.2.6.1. da normativa.

Por outra banda a pequena zona situada no marxe sueste do ámbito de aplicación correspondente aos terreos incluídos no recinto escolar do colexio Calasanz (ámbito C) quedará cualificados como equipamento educativo privado que é o que realmente lles corresponde.

2021/8280